



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Exposición pública do padrón fiscal da taxa de colectores e estacións de bombeo. Exercicio 2021, 1º trimestre*

##### EDICTO

A resolución da Alcaldía núm. 1304/2024 do 8 de outubro, aprobou o padrón fiscal e a lista cobratoria da taxa de colectores e estacións de bombeo correspondente ao padrón do primeiro trimestre do exercicio 2021.

##### Exposición pública

O padrón aprobado quedará exposto ao público no Concello de Fene polo prazo de 1 MES contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP, para o seu exame e a presentación de reclamacións perante a Alcaldía por parte das persoas interesadas.

Os documentos cobratorios, con indicación do prazo e lugares para o pago, poderán ser notificados individualmente aos obrigados tributarios pola Deputación da Coruña, no exercicio das súas competencias delegadas na recadación da taxa.

##### Solicitud de exención da taxa

A solicitude de exención da taxa dirixirase ao Concello de Fene. Os requisitos para a súa concesión e tramitación son os establecidos no artigo 6 da ordenanza fiscal municipal nº 19. O prazo para a súa presentación será de tres meses contados desde o día seguinte ao desta publicación no BOP.

##### Recursos

Fronte a aprobación do padrón, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, regulado no artigo 14.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dentro do prazo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón. O recurso será resolto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación e entenderase rexeitado se non se resolve de maneira expresa no dito prazo.
- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación da resolución do recurso de reposición ou ben, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se teña producido o acto presunto, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

Sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso ou reclamación que estimen procedente.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente edicto que ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005).

Fene, asinado dixitalmente o 9 de outubro de 2024 polo alcalde, Juventino J. Trigo Rey.

2024/7159